

RAZÓNS QUE XUSTIFICAN A CONTINUIDADE DESTA LIÑA METODOLÓXICA NO IES CHAPELA

- ❖ Apostamos por un achegamento da realidade do contorno ás aulas a través de testemuñas que interactúen directamente co alumnado.
- ❖ Concedemos importancia a temas como *Educación para a Paz, Educación Medioambiental, Educación para a Saúde, Educación para o Lecer, Educación para a Igualdade, Educación para o Consumo, Educación Vial e Educación Afectivo-Sexual* para fomentar no alumnado actitudes e inclinacións individuais dirixidas a facer máis xusta e máis digna a vida colectiva.
- ❖ Defendemos a sensibilización significativa onde a mensaxe que se pretende transmitir chegue ao alumnado a través dunha serie de actividades contextualizadas, e non se limite soamente á celebracións de actos esporádicos.
- ❖ Procuramos incluír sempre a perspectiva de xénero nas nosas actividades poñendo en valor a loita calada de moitas mulleres do contorno, así como resaltando o papel daqueles homes que pretenden desvincularse do rol de xénero que por tradición lle vén asignando a sociedade.
- ❖ Outorgamos un papel importante á Educación Emocional e á formación da *Intelixencia Emocional* tratando que o alumnado descubra como é, que sente, que quere, que se acepte, e que actúe. A través do autoconñecemento, da autoestima, e da empatía traballamos sobre sentimentos e emocións.

CHARLA **DÍA DA MULLER:**

EDUCACIÓN, IGUALDADE E DESENVOLVEMENTO

Impartida por: Melania Ogando
José Antonio Torres

8 de marzo de 2012

IES Chapela



A pesar de que a Educación Primaria universal e o tratamento igualitario entre homes e mulleres son dereitos fundamentais, aínda debemos seguir loitando pola súa consecución en moitas partes do mundo. En todos os países en maior ou menor grao a igualdade segue sendo unha materia pendente

A mocidade considera na súa gran maioría que as campañas de sensibilización sobre problemas sociais que se acostuman a abordar dende os centros educativos, non son todo o efectivas que fora de desexar porque están carentes dunha vinculación afectiva co seu mundo.

No IES Chapela consideramos que a mellor campaña de sensibilización vén da man da posta en contacto do alumnado cunha experiencia real próxima ao seu contorno. Por iso decidimos tratar o tema de **EDUCACIÓN, IGUALDADE E DESENVOLVEMENTO** dun xeito vivencial a través de dous testemuños directos:

Melania:

nai dun alumno do centro, procedente da República Dominicana, que sufriu problemas familiares por querer estudar tendo que loitar contra todos os contratemplos para realizar os seus estudos universitarios.

José Antonio :

experto en axuda humanitaria e defensa dos Dereitos Humanos [DDHH], para falar da realidade da muller en Haití, país limítrofe da República Dominicana que coñece ben polas súas varias intervencións alí.

Achegamos a experiencia de ambos ao alumnado para falar do dereito universal da educación, da situación da igualdade de xénero, e do difícil papel de ser muller e motor da estrutura familiar, nunha situación de desigualdade.

Buscamos unha vez máis seguir a liña metodolóxica de achegar o centro ao contorno e o contorno ao centro, neste caso concedéndolle a Melania e a José Antonio o protagonismo de ser uns docentes da vida.

EXPERIENCIAS VITAIS

A educación é un dereito humano e un elemento indispensable para o progreso económico e social. Debe recoñecerse que o acceso pleno e en condicións de igualdade á educación é un requisito fundamental para a potenciación da muller, e un instrumento fundamental para lograr os obxectivos de igualdade de xénero, desenvolvemento e paz.



TRANSMITINDO SENTIMENTOS

Melania

Importancia da educación
Situación da educación das mulleres
Experiencia persoal na República Dominicana

José Antonio

Haití antes e despois do terremoto
Situación da muller en Haití